

21

**Imposto sobre actividades  
económicas (I.A.E.)**

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS****ARTIGO 1. NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE**

1. O Imposto sobre Actividades Económicas é un tributo directo de carácter xeral, do que o feito imponible está constituído polo mero exercicio, en territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais e artísticas, exérganse ou non nun local determinado e estean ou non especificadas nas Tarifas do imposto.

2. Consideraranse, ós efectos deste imposto, actividades empresariais as gandeiras, cando teñan carácter independente, as mineiras, industriais, comerciais e de servizos. Non teñen tal consideración as actividades agrícolas, as gandeiras dependentes, as forestais e as pesqueiras, non constituíndo o feito imponible polo imposto ningunha delas.

A efectos do previsto no parágrafo anterior, terá a consideración de gandería independente o conxunto de cabezas de gando que se atope comprendido nalgúns dos casos seguintes:

- a) Que paste ou se alimente fundamentalmente en terras que non sexan explotadas agrícola ou forestalmente polo dono do gando
- b) O estabulado fóra das fincas rústicas
- c) O trashumante ou trasterminante
- d) Aquel que se alimente fundamentalmente con pensos non producidos na finca na que se cría.

3. Considérase que unha actividade se exerce con carácter empresarial, profesional ou artístico, cando supoña a ordenación por conta propia de medios de produción e de recursos humanos, ou dun de ambos, coa finalidade de intervir na produción ou distribución dos bens e servizos.

4. O contido das actividades gravadas está definido nas tarifas do imposto, aprobadas polo R.D. Lex. 1175/90, do 28 de setembro, e 1259/91, de 2 de agosto.

5. O exercicio das actividades gravadas aprobaranse por calquera medio admisible en dereito, e en particular, polos contemplados no art. 3 do C. comercio.

**ARTIGO 2. SUPOSTOS DE NON SUXEIÇÃO**

Non constitúe o feito imponible o exercicio das seguintes actividades:

- 1) A enaxenación de bens integrados no activo fixo das empresas que houberen figurado debidamente inventariados como tal inmovilizado con máis de dous anos de antelación na data de transmisión, e a venda de bens de uso particular e privado do vendedor sempre que os houberse utilizado durante igual período de tempo
- 2) A venda de produtos recibidos en pago de traballos persoais ou servizos profesionais.
- 3) A exposición de artigos co fin exclusivo de decoración ou adorno do establecemento. Se está suxeita ó imposto a exposición dos artigos para regalo ós clientes.
- 4) Cando se trate de venda ó por menor, a realización dun só acto ou operación illada.

**ARTIGO 3. EXENCIONES**

1. Están exentos do imposto:



- a) O Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais, así como os Organismos autónomos do Estado e as entidades de análogo carácter das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais.
- b) Os suxeitos pasivos que inicien a súa actividade en territorio español, durante os dous primeiros períodos impositivos no que se desenvolve a mesma.

A estes efectos, non se considerará que se produciu o inicio do exercicio dunha actividade cando a mesma se exerceu anteriormente baixo outra titularidade, circunstancia que se entenderá que concorre, entre outros supostos, nos casos de fusión, escisión ou aportación de ramas da actividade

- c) Os seguintes suxeitos pasivos:

– As persoas físicas.

– Os suxeitos pasivos do Imposto de Sociedades, as sociedades civís e as entidades do art. 35 da Lei Xeral Tributaria, Lei 58/2003, do 17 de decembro, que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior ós 1.000.000 euros.

A efectos de aplicación desta exención teranse en conta as seguintes regras:

1º. O importe neto da cifra de negocios determinarase de acordo co previsto no art. 191 do T.R. da Lei de Sociedades Anónimas, aprobado polo R.D. Lex.1564/89, de 22 de decembro.

2º. O importe neto da cifra de negocios será, no caso dos suxeitos pasivos do Imposto sobre sociedades ou dos contribuíntes polo Imposto da renda dos Non Residentes, o do período impositivo no seu prazo de presentación das declaracións por ditos tributos finalizase o ano anterior ao do nacemento do dereito ao cobro deste imposto. No caso das sociedades civís e das entidades do art. 35 da LXT o importe neto da cifra de negocios será o que corresponda ó penúltimo ano anterior ó do nacemento do dereito ao cobro deste imposto. Se dito período impositivo tivese unha duración inferior ao ano natural, o importe neto da cifra de negocios elevarase ao ano.

3º. Para o cálculo da cifra de negocios do suxeito pasivo terase en conta o conxunto de actividades económicas exercidas polo mesmo.

Non obstante, cando a entidade forme parte do grupo de sociedades, segundo o art. 42 do C. Comercio, o importe neto da cifra de negocios referirase o conxunto de entidades pertencentes o grupo.

A efectos do disposto no parágrafo anterior, entenderase cós casos do art. 42 do Código de Comercio son os recollidos na sección 1ª do capítulo I das normas para a formulación das contas anuais consolidadas, aprobadas polo R.D. 1815/91, do 20 de decembro.

4º. No suposto que os contribuíntes polo Imposto da Renda dos non Residentes, atenderase ó importe neto da cifra de negocios imputable ó conxunto dos establecementos permanentes situados en territorio español.

- d) As Entidades Xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión social reguladas na Lei 30/95, de 8 de novembro, de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados.
- e) Os Organismos públicos de investigación, os establecementos de ensino en tódolos seus grados costeados integramente con fondos do estado, das Comunidades Autónomas ou das entidades Locais, ou por fundacións declaradas benéficas ou de utilidade pública, e os establecementos de ensino en tódolos seus grados que, carecendo de ánimo de lucro, estiveran en réxime de concerto educativo, incluso se facilitasen os seus alumnos libros ou artigos de escritorio ou lles prestasen os servizos de media pensión ou internado e anque por excepción vendan no mesmo establecemento os produtos dos talleres dedicados a dito ensino, sempre que o importe de dita venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, se destine exclusivamente á adquisición de materias primas ou ó sostemento do establecemento.
- f) As asociacións de diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, sen ánimo de lucro, polas actividades de carácter pedagóxico, científico e asistenciais e de emprego que realicen para o ensino, educación, rehabilitación e tutela de minusválidos, anque vendan os produtos dos



talleres dedicados a tales fins, sempre que co importe de dita venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, se destine exclusivamente á adquisición de materias primas ou o sostemento do establecemento.

g) A Cruz Vermella Española.

h) Os suxeitos pasivos ós que lles sexa de aplicación a exención en virtude de Tratados ou Convenios internacionais.

2. Os suxeitos pasivos ós que se refiren os apartados a), d), g) y h) do apartado anterior non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto.

3. O Ministerio de Facenda establecerá en qué supostos a aplicación da exención prevista no parágrafo c) do apartado 1 anterior esixirá a presentación dunha comunicación dirixida á axencia estatal da Administración Tributaria na que se establezan que se cumpren os requisitos establecidos en dito parágrafo para a aplicación da exención. Dita obriga non se esixirá, en ningún caso, cando se trate de contribuíntes polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. Os suxeitos pasivos que aplicaran a exención prevista no parágrafo b) do apartado 1 anterior presentarán a comunicación, no seu caso, o ano posterior ó de inicio da súa actividade.

En canto ás variacións que poidan afectar á exención prevista no parágrafo b) do apartado 1) anterior, estarase ó previsto no a).

4. As exencións previstas nos parágrafos b), e) y f) do apartado 1 deste artigo terán carácter rogado e concederanse, cando proceda, a instancia de parte.

#### **ARTIGO 4. SUXEITOS PASIVOS**

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas e xurídicas, e as entidades ás que se refire o art. 35 da LXT, sempre que se realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinan o feito imponible.

#### **ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA**

A cota tributaria será a resultante de aplicar as tarifas do imposto, de acordo coas disposicións do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como os R.D. Lex.1175/90, de 28 de setembro, e 1259/91, de 2 de agosto, e os coeficientes e bonificacións previstas nesta ordenanza.

#### **ARTIGO 6. COEFICIENTE DE PONDERACIÓN**

Sobre as cotas municipais, provinciais ou nacionais fixadas nas tarifas do imposto aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, de acordo co seguinte cadro previsto no art. 86 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo:

Importe neto de cifra de negocios(€) Coeficiente

Dende 1.000.000,00 ata 5.000.000,00 1,29

Dende 5.000.001,00 ata 10.000.000,00 1,30

Dende 10.000.001,00 ata 50.000.000,00 1,32

Dende 50.000.001,00 ata 100.000.000,00 1,33

Mais de 100.000.000,00 1,35

Sen cifra neta de negocio 1,31

#### **ARTIGO 7. COEFICIENTES DE SITUACIÓN**

De conformidade co previsto no artigo 87 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación, aplicarase a seguinte escala de coeficientes que pondera a situación física



do local, atendendo á rúa na que radique. Os coeficientes de situación establecidos neste concello serán os seguintes:

- Rúas de primeira categoría 2,32
- Resto das rúas 2,22

#### **ARTIGO 8. BONIFICACIONES**

Sobre a cota do imposto aplicaranse as seguintes bonificacións:

- a) As cooperativas, así como as unións, federacións ou confederacións das mesmas, e as sociedades agrarias de transformación, terán a bonificación prevista na lei 20/90, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal de Cooperativas.
- b) Bonificacións do 50 por 100 da cota correspondente, para os que inicien exercicio de calquera actividade profesional, durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenrolo da mesma. O período de aplicación desta bonificación caducará transcorridos cinco anos dende a finalización da exención prevista no art. 3.1.b) desta ordenanza.

#### **ARTIGO 9. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO**

1. O período impositivo coincide co ano natural, excepto nas declaracións de alta, caso no que o período impositivo abarcará dende a data de comezo da actividade ata o final do ano natural.

2. O imposto se devenga o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irredutibles, salvo nas declaracións de alta nas que non coincida o día de comezo da actividade co primeiro día do ano natural, en cuxo suposto as cotas calcularanse proporcionalmente ó número de trimestres naturais que restan para finaliza-lo ano, incluído o do comezo do exercicio da actividade.

No caso de baixa polo cese da actividade as cotas calcularanse proporcionalmente por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza dito cese. a tal fin, os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se houbera exercido actividade.

3. Tratándose de espectáculos, cando as cotas estean establecidas por actuacións illadas, o nacemento do dereito ao cobro producirase pola realización de cada unha delas, debéndose presentalas declaracións na forma que se establezan regulamentariamente.

#### **ARTIGO 10. DELEGACIÓN DE FACULTADES**

De acordo co previsto no art. 106.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, das bases de Réxime Local, e co establecido no art. 8 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, delégase no ORAL- Organismo autónomo provincial de xestión de recursos locais- as facultades relativas á xestión tributaria e de recadación do imposto, que se sinalan a continuación:

- a) Competencias en materia de xestión tributaria:
  1. Concesión e denegación de exencións tributarias
  2. Liquidación de débeda tributaria e formación do Padrón
  3. Emisión dos instrumentos de cobro
  4. Tramitación e resolución dos expedientes de devolución dos ingresos indebidos e pago do importe resultante
  5. Resolución dos recursos que se interpoñan contra estes actos de xestión
  6. Facultade para establecer, de acordo co art. 91.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, establecer acordo ou convenios cá Admón. tributaria do estado en materia de colaboración e inspección
- b) Competencias en materia de xestión de recadación:



1. Actos de xestión de recadación en período voluntario e executivo para facer efectivas toda clase de débedas liquidadas polo IAE
2. Actos de xestión de recadación singulares:
  - Fixación de datas límite para a confección do Padrón e a notificación da débeda tributaria
  - Determinación dos períodos de cobro en voluntaria
  - Notificación colectiva, de acordo ó art. 124.3 da Lei 230/63, do 28 de decembro, Xeneral Tributaria
  - Expedición de certificacións de descuberto, providencia de recargo e resolución dos recursos que se planeen contra estes actos
  - Liquidación e tramitación das débedas por intereses de demora
  - Ditar acordos de derivación de responsabilidade
  - Acordar a suspensión del procedemento de recargo

**DISPOSICIÓN ADICIONAL**

Relación das rúas coa categoría correspondente (entre parénteses):

- Avda. do Aeroporto, con tódalas ramificacións de entrada dende a entrada do Centro de Desenvolvemento Local ata Garevol e Transportes Mañas, así como a baixada do Monte Faquiña ata o Pavillón da Peña de Francia (1ª)
- Resto do termo municipal (2ª)

No Anexo desta ordenanza clarifícase a anterior clasificación mediante un plano que delimita as distintas categorías.

**DISPOSICIÓN FINAL**

Esta ordenanza foi aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o 15.5.1992. Posteriormente foi modificada por acordo plenario o 8.3.1994, e a última modificación é do ano 2000, escomenzándose a aplicar, trala publicación no BOP, o 1 de xaneiro de 2001.

A presente modificación foi aprobada polo Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o 28 de marzo de 2012, entrando en vigor a partir da publicación no BOP, e comezándose a aplicar dende ese intre.